

## FESTA DA XUVENTUDE



Festa que adoita celebrarse a primeira fin de semana de agosto, na cal se pode gozar de actividades lúdicas como xogos populares, ruta de bares amenizada por charangas, festa da escuma e verbena.

## MAGOSTO POPULAR



Celébrase a principios de novembro. Consiste nunha cea de balde de castañas asadas e liscos, amenizada por unha agrupación musical.

## ALDEAS

### • AIREXE:

Santa Cruz, mediados de setembro.

Festividade con misa solemne, sesión vermu e verbena.

### • LIGONDE:

Cristo, mediados de setembro.

Festa con misa solemne, sesión vermu e verbena coas principais orquestras de Galicia.

### • Magosto no camiño:

Xornada onde os/as asistentes poderán disfrutar de diferentes actividades culturais e actuacións musicais, namentres degustan as tradicionais castañas asadas.

### • NOVELÚA:

San Cristovo.

Festa na honra a San Cristovo de Novelúa coa tradicional misa solemne, sesión vermu e verbena.

## TELÉFONOS DE INTERESE



### CONCELLO

982 37 70 01

### G.E.S.

669 13 47 84

### GARDA CIVIL

982 37 70 03

### CENTRO DE SAÚDE

982 37 77 59

### FARMACIA LÓPEZ LEDO

982 37 75 07

### FARMACIA VILARIÑO

982 37 71 77

### TAXIS

982 37 74 11

### OFICINA DE TURISMO

982 37 78 14



## SAN MIGUEL

Festas patronais na honra a San Miguel que se celebran no mes de setembro, anterior ou posterior ao 29, pero respetando este día como principal.

Pódese disfrutar de diversas actividades programadas que varían cada ano: misa solemne, foliada, lectura do pregón, "O día do Neno" (ocio para os más pequenos/as) e verbena a cargo das orquestras de Galicia.



### FEIRA DE SANTOS

Feira más destacada da comarca, que se celebra o 1 de novembro, día de tódolos Santos. Esta festividade comezou no 1450 e desde o 2011 está recoñecida como Feira de interese turístico galego.



*"Se ti viras o que eu  
vin  
alá arriba en  
Monterroso;  
vintecinco xastres  
xuntos,  
a cabalo dun raposo"*  
-Cantiga popular

Pódense atopar produtos tradicionais, de tempada e propios da comarca de A Ulloa.

## SAN CRISTOVO

Festa na honra a San Cristovo coa tradicional misa solemne, bendición de coches engalanados, sesión vermu e verbena.



## FESTIVAL INTERNACIONAL DE DANZA DE FALCATRUEIROS



Festival internacional no que diferentes agrupacións de diversas rexións e países do mundo exhiben a súa cultura e os seus costumes, a través de danzas, instrumentos e vestimentas típicas.

### FEIRA DOS BICOS

Celebrase o día 1 de agosto e é coñecida como "a feira dos bicos", xa que é a feira do verán na que moitos galegos/as voltan á vila de vacacións, saudándose cos veciños/as polas rúas durante esta celebración. Así mesmo, algunas persoas vístense de época recordando os tempos de antaño nos que os emigrantes volvían a Galicia.



### FEIRA DO QUEIXO



Este evento ten lugar cada dous anos neste concello, rotando anualmente con outro concello da comarca da Ulloa: Palas de Rei.

## AGROCUIR

Iniciativa sen ánimo de lucro celebrada no rural lucense entre finais de agosto e principios de setembro. É un festival que ten como obxectivo reivindicar a diversidade sexual e de xénero no rural, mediante diferentes



actividades, que dan lugar a un festival multidisciplinar, no que a través do teatro, a música, os obradoiros, o baile, o deporte, o cine, a performance, etc. O público comparte dous días de convivencia, aprendizaxe e ocio sostible, demostrando o potencial do rural para establecer novas formas de vida e modelos de sociedade.

### FEIRA MENSUAL



O primeiro día de cada mes celébrase a feira municipal, onde se oferta gando, produtos textiles e agrícolas. Anteriormente era famosa especialmente pola concurrencia de gando cabalar e mular.

### SAN SILVESTRE

Carreira benéfica que se realiza nas datas navideñas e na que poden participar tanto nenos/as como adultos/as, incluíndo unha categoría con premios para participantes caracterizados con vestimentas propias desta época do ano.



### ENTROIDO



Celebrase nos primeiros meses do ano. Durante estes días pódese disfrutar de actividades variadas, baile infantil para os más pequenos e o popular desfile e concurso de disfraces, todo amenizado por charangas da zona.